



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

Abril 2009

[www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

## Unha sentenza gañada pola CIG obriga a pagar os trienios polos servizos prestados como persoal interino con anterioridade a maio de 2007

### Que dí a sentenza?

Que a Consellaría ten a obriga de pagar os trienios daquel persoal que era interino non só con posterioridade á publicación

do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), como está facendo na actualidade, senón tamén os trienios dos anos ante-

riores. Tamén obriga á Consellaría a pagar os xuros correspondentes desde a data en que se interpón a demanda.

### Por que se produce esta sentenza agora?

Pola campaña iniciada pola CIG-Ensino desde xuño de 2008 ([ver CIG-Inforna](#)), que levou a un número importante de afiliados e

afiliadas do sindicato a interpor recursos contra a Consellaría para poder cobrar a antigüidade previa ao EBEP. Esta sentenza

é a primeira que se dita en Galicia. Non temos coñecemento da existencia de ningunha outra no ámbito do Estado.

### Que máis vai facer a CIG-Ensino?

A CIG-Ensino xa se dirixiu á Consellaría de Educación, unha vez coñecida a sentenza, para que cese nos seus escritos desestimando en vía administrativa as reclamacións ([ver información na nosa web](#)) e negocie a aplicación xeral a todo o persoal con

servizos prestados como interino desde o 2004 ao 2007 ([ver escrito na nosa web](#)), evitando así que os afectados se vexan obrigados a recorrer á vía xudicial para ver recoñecidos os seus dereitos económicos.

Desde a CIG-Ensino seguire-

mos a informar a todo o persoal que traballou como interino entre 2004 e 2007, para que esixa os seus dereitos e obrigue á Consellaría, se esta se nega a facelo de oficio, a pagar os trienios deses anos.

### Que efectos vai ter a sentenza?

A sentenza supón que o persoal interino poderá acollerse a esta sentenza ou ben usala como fundamen-

to xurídico para conseguir unha sentenza idéntica e así poder cobrar os trienios correspondentes aos cinco

anos anteriores desde o día en que presente o recurso.

*A xeito de exemplo: unha profesora reclamará no mes de maio de 2009 os trienios desde maio de 2004 (tope máximo de 5 anos que sinala a sentenza). En realidade*

*estará a reclamar os trienios de 3 anos (de maio de 2004 a maio de 2007), xa que desde esta data xa os paga a Consellaría de oficio por aplicación do EBEP. Se esta*

*profesora tivese traballado 6 anos como interina antes de maio de 2007, estaría a reclamar o valor de 2 trienios durante 36 meses (entre 2600€ e 3200€ aproximadamente).*

### Quen pode reclamar?

Calquera persoa que tivese traballado un mínimo de 3 anos (1 trienio completo) con anterioridade ao

13 de maio de 2007, independentemente da súa relación laboral actual coa Administración: sexa actualmen-

te interino, funcionario de carreira ou xa non traballe para a Xunta.

### Que hai que facer?

Pasar por [calquera local](#) da CIG-Ensino e solicitar toda a información precisa.